

INSTRUCCIÓNs PARA TRAMITAR AS SOLICITUDES DE SUBVENCIÓNs DOS

PROGRAMAS DE OBRAS E EQUIPAMENTOS 2022

(CÓD. PROC. PR924C)

Norma reguladora:

Resolución do 29 de decembro 2021 da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan as subvencións correspondentes ós programas de apoio infraestrutural e adquisición de equipamentos ás entidades galegas no exterior para o ano 2022 (DOG. nº 19) do 28 de xaneiro de 2022).

Programas que se convocan en 2022:

Para o ano 2022 convócanse dous programas que atenden finalidades similares ás dos anos anteriores. A denominación é a seguinte:

Programa A.- Axudas para obras, adquisición de instalacións e conservación do patrimonio cultural.

Programa B.- Axudas para a mellora de dotacións e equipamentos de carácter inventariable.

Fases:

Na tramitación dos expedientes das subvencións convocadas diferéncianse as catro fases consecutivas:

- A) Fase de solicitude (actual)
- B) Fase de reformulación
- C) Fase de xustificación (enviaranse as instrucións cando se comunique o importe concedido)
- D) Fase de mostraxe (enviaranse as instrucións xunto coas da fase de xustificación)

Cada entidade debe ter en conta e seguir as instrucións que se sinalan para cada unha das fases o que lle facilitará o envío da documentación necesaria en cada caso, correcta e completa . Se se seguen axilizarase a tramitación e adiantarase o pago das subvencións que se concedan.

Prazos de presentación da documentación:

Desde o 29 de xaneiro 2022 ata o 28 de febreiro de 2022

(As entidades obrigadas á presentación electrónica terán de prazo ata as 24:00 horas do día 28 de febreiro de 2022 -HORA ESPAÑOLA-).

En tódalas fases a documentación que teña que achegar cada entidade ten que estar presentada dentro do **prazo** que se indica.

A documentación hai que presentala canto antes se poida a partir do día seguinte ó que se abra o prazo. Esperar ó último día sempre acarrea problemas. **As solicitudes que non teñan entrada no Rexistro o día 28 de febreiro de 2022 serán denegadas por estar presentadas fóra de prazo.**

Fase de solicitude

Proxectos para os que se pode pedir (investimentos subvencionables):

Só son subvencionables os investimentos derivados de servizos externos, é dicir facturados por empresas, que sexan consecuencia das obras, da adquisición de instalacións, ou dos equipamentos para os que se pida a subvención. **A título meramente enunciativo:**

Para o Programa A **ver o artigo 27** da convocatoria:

- Para investimentos en obras que realicen para a ampliación, reforma, rehabilitación ou conservación de inmóbles propios. Tamén en obras imprescindibles de rehabilitación, conservación ou adaptación das instalacións que, aínda que non sexan propias, **utilicen como sede habitual e permanente**.
- Investimentos para a elaboración do proxecto de obras asinado por técnico competente e/ou expedición da preceptiva licenza municipal de obras.
- Investimentos en adquisición de instalacións para o desenvolvemento de actividades.
- Amortización de créditos concertados para a adquisición de instalacións ou para obras.
- Investimentos na restauración dos bens de interese artístico e histórico

Para o Programa B **ver o artigo 29** da convocatoria:

- Investimentos en adquisición de mobiliario, de equipamentos tecnolóxicos, de aplicacións informáticas de xestión, equipamentos de grupos folclóricos, de ludotecas, de protección contra a COVID-19 ou de outro material inventariable que contribúa a mellora das dotacións da entidade para a realización do seu obxecto social.

As obras ou os equipamentos para os que se pida a subvención **teñen que executarse ou adquirirse entre o 01-xaneiro-2022 e o 30-setembro-2022**. Isto quere dicir que tódalas facturas e os xustificantes do seu pagamento, que se relacionen na fase de xustificación, teñen que ter data comprendida dentro deste período.

Non son subvencionables:

- Os investimentos en obras ou en equipamentos que se pretendan realizar en ou para establecementos de hostaleira ou doutro tipo de explotación comercial que funcionen nas instalacións da entidade, cando non estean xestionados directamente pola entidade e lles corresponda facelas ou adquirilos ó xestor conforme ó contrato suscrito coa entidade.
- Os importes dos investimentos que corresponda a utilización de medios propios, ben sexan de persoal ou de materiais.

ENTIDADES QUE PODEN PEDIR:

Todas as entidades galegas que estean inscritas no Rexistro da Galeguidade, con independencia da súa categoría.

PROGRAMAS QUE SE PODEN PEDIR:

Só se pode pedir **un dos dous** programas: **o Prog. A ou o Prog. B** (só un deles), agás as entidades resultantes de procesos de unión ou fusión que estivesen finalizados na data de remate de presentación da solicitude, ou cando se pida a través do programa B para a adquisición de aplicacións informáticas ás que se refire o artigo 29.b desta convocatoria; nestes casos, o importe máximo se se concederá nos dous programas será inferior a 30.000 €.

SOLICITUDE (Anexo I)

Modelo único de solicitude: Só hai que presentar unha única solicitude con independencia do programa para o que pida a subvención.

Cómo se pode presentar e como hai que cubrila:

1. **As entidades con sede social en España** presentarán a solicitude **obrigatoriamente por medios electrónicos** a través do formulario normalizado que figura como ANEXO I desta resolución, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Se algunha destas entidades presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. **As entidades domiciliadas fóra do territorio español**, excepcionalmente, poderán presentar as solicitudes por **medios electrónicos** ou **presencialmente** en calquera dos lugares e rexistros establecidos na convocatoria ([Rexistro da Xunta de Galicia](#), [rexistros consulares](#), [nas Delegacións da Xunta de Galicia en Buenos Aires e en Montevideo](#), ou por [correo postal certificado](#)), utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, o medio de presentación elixido manterase para calquera tipo de relación coa Secretaría Xeral da Emigración ata que remate o procedemento.

Acompañase un **modelo que se pode descargar e gardar no ordenador de cada entidade**. (Tamén está dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> e na páxina web da secretaría, <http://emigración.xunta.gal>). -Este modelo só o poden utilizar as entidades domiciliadas fóra do territorio español cando opten pola presentación presencial-.

A documentación que se presente **por correo electrónico non terá validez ós efectos de constancia de presentación nin de cumprimento dos prazos**

As entidades que voluntariamente opten pola presentación electrónica estarán suxeitas ós mesmos requisitos que as entidades con sede social en España.

3. Cadro de “**REPRESENTACIÓN**”:

Os datos referidos á **representación é obrigatorio cubrilos en todo caso** e serán os que corresponden a persoa que asina a solicitude (ben sexa o presidente da entidade ou outra persoa física). **No caso de que non sexa o presidente** hai que enviar o documento que acredite que a persoa que asina ten poder para presentar a solicitude no nome da entidade.

4. Cadro de “**DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**”:

- **Necesariamente hai que cubrir os datos do número do teléfono móbil e do correo electrónico**, ós que se lle enviarán os avisos de posta a disposición das notificacións.

Importante No caso de que a **notificación sexa electrónica** (que é obrigatoria para todas as entidades con sede en España), **ó contido da notificación só se pode acceder co certificado electrónico asociado ó NIF do representante da entidade que asine a solicitude**.

- Na **elección do medio para a notificación** ás entidades con domicilio en España e aquelas outras que voluntariamente decidiran presentar a solicitude de xeito electrónico **teñen que elixir obrigatoriamente a notificación electrónica**. Ás restantes entidades as notificacións efectuaranse por medios postais. **Ver o artigo 12 da convocatoria**.

5. Cadro de “**DATOS BANCARIOS**”:

Só se cubrirá no caso de que a entidade queira que se lle faga o ingreso nunha **conta nova**, distinta á que se lle fixo en 2021, neste caso ademais de cubrir estes datos no anexo debe acompañar un certificado do banco coa identificación completa da nova conta. **Se é a mesma conta de 2021 este recadro ten que vir en branco.**

6. Cadro de “**OBRAS OU EQUIPAMENTOS PARA OS CALES SE PIDE A SUBVENCIÓN**”:

Débense relacionar os proxectos para os que se pide a subvención, ben sexa para Prog. A ou para o Prog. B.

7. Cadro de “**FINALIDADE E IMPORTE DA SOLICITUDE**”:

Débese indicar para que tipo de proxectos se solicita a subvención e o importe total da subvención que se lle pide á Secretaría Xeral da emigración para o programa. O importe ten que coincidir coa cantidade que logo se indica no apartado do financiamento do cadro seguinte.

8. Cadro de “**RÉXIME DE UTILIZACIÓN DAS INTALACIÓNS**”:

Debe sinalarse a opción que corresponda para as instalación nas que se van a facer as obras.

9. Cadro de “**CUSTO ESTIMADO**”:

- **O total custo estimado** dos investimentos ou proxectos para os que se pide á subvención non pode ser superior ós máximos establecidos para cada programa (**P-A 60.000 € e P-B 30.000 €**). **O importe do custo ten que figurar en euros.** Cando se presenten orzamentos en moeda distinta ó euro **aplicaráselle o cambio que estea vixente o día da publicación da convocatoria.**

- No apartado de “**financiamento**” hai que especificar tódalas fontes de onde se ten previsto obter os fondos para pagar o custo das obras, da adquisición das instalacións ou dos equipamentos para os que pida a subvención á Secretaría Xeral da Emigración. *(Se ten outras axudas para outros proxectos distintos daqueles para os que pide a subvención a Secretaría non se teñen que poñer).*

- **O importe da subvención que se pide á Secretaría Xeral da Emigración non pode ser nin superior ó 80 %** do gasto previsto para cada programa **nin ó máximo establecido para cada un (No Prog. A, menos de 30.000, e no Prog. B, 15.000 euros).**

- Para cada programa a suma dos importe de tódalas fontes de financiamento ten que ser igual ó total do custo total estimado.

10. Cadro de “**A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA**” :

En relación con outras axudas é necesario que se marque unha das dúas opcións. No caso de ter outras axudas hai que especificar a cal dos programas corresponde e indicar o organismo e o importe.

11. Cadro de “**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA..**”:

Debe marcarse a documentación que se acompaña para cada programa **e enviala xunto co Anexo I.** (No caso de que non se envíe a Secretaría terá que requirila e isto retrasa a tramitación da concesión da axuda).

11. Cadro de “**COMPROBACIÓN DE DATOS**”:

- Neste cadro non se ten que cubrir nada a non ser que se opoña á consulta, e se se opón deberá acompañar a documentación que se pide nel.

- No caso dos datos da AEAT necesariamente hai que sinalar que “SI” se autoriza a consulta, ou acompañar a correspondente certificación de estar ó día no pagamento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria.

12. Cadro de “**INFORMACIÓN BÁSICA DE PROTECCIÓN DE DATOS..**”:

Neste cadro non hai que cumprimentar nada. Só é de información para coñecemento da entidade que presenta a solicitude.

Hai que **cubrir tódolos apartados** que correspondan a cada un dos programas para os que pida a subvención.

A solicitude **ten que estar asinada polo presidente** da entidade. Noutro caso ten que xustificarse a representación.

DOCUMENTACIÓN QUE HAI QUE ACOMPAÑAR Ó ANEXO I

[Para os dous programas: \(art.8 a\)](#)

- **Certificado de Residencia Fiscal** emitido polas autoridades competentes do seu país de residencia. Só as entidades de fóra de España (*As entidades españolas non o teñen que mandar*):

(Este certificado é imprescindible e ten que ter data do ano 2022. No caso de que nalgún país non fora obrigatorio que a entidade estea rexistrada en ningún rexistro fiscal, este certificado debe substituírse por unha certificación da Consejería ou Sección de Empleo e Seguridade Social que o acredite).

- **Declaración** na que conste que a entidade solicitante se atopa ao día nas súas obrigas tributarias, estatais e autonómicas e de seguridade Social e que non ten débedas pendentes coa Comunidade Autónoma de Galicia. (**incluída no Anexo I**)

[Se se pide o Programa A.-Obras \(art. 8 b\):](#)

a) No caso de obras:

- **Memoria descriptiva**, asinada polo presidente, das obras que se vaian a realizar. Detallárase polo miúdo a descrición das obras proxectadas, a situación xurídica das instalacións (en propiedade, aluguer, cesión ou outros) e os motivos e finalidades que xustifiquen a súa realización).

(Acompañase un modelo para facilitar a súa redacción ó que é necesario que se adecúe a súa elaboración, que se pode ampliar no que se considere oportuno, sempre que se respecte a estrutura e o contido do que se envía).

- **Orzamento ou orzamentos do custo previsto**. Este orzamento ten que estar realizado por unha empresa específica ou con cometido acorde coa obra que se queira realizar. O orzamento ten que detallar o custo das obras para as que se solicita a subvención.

O importe máximo do investimento **non pode ser superior a 60.000 €**. No caso de que o proxecto presentado superase ese importe non se terá en conta o exceso.

Cando o importe do investimento **sexa igual ou supere os 40.000 euros** hai que achegar **tres orzamentos de diferentes empresas**, salvo que o gasto fora realizado con anterioridade á solicitude da subvención. No suposto de que a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa de entre as ofertas presentadas, deberase achegar unha memoria que xustifique tal decisión.

No caso de que as obras xa estean realizadas en lugar do orzamento ou orzamentos hai que acompañar a factura ou facturas correspondentes.

- **Fotografías do estado das instalacións** relativas a parte na que se van a facer as obras para as que se pide a subvención. (As fotos deben ser anteriores a realización das obras para que se poida apreciar a súa necesidade).

Cando a entidade non é propietaria das instalacións, ademais da anterior:

- **Documento de cesión de uso ou copia do contrato oficial vixente de aluguer** do local que sirva de sede habitual e permanente da entidade solicitante, a non ser que xa conste copia do mesmo na Secretaría Xeral da Emigración, e se faga constar así expresamente. Nese contrato debe constar a data do seu vencemento e que o local alugado ou cedido é a sede social da entidade.

b) No caso de adquisición de instalacións:

- Memoria** explicativa, asinada polo presidente.
- Orzamento** do investimento previsto de xaneiro a setembro de 2022.
- Copia da escritura pública da adquisición**

c) No caso de amortización de créditos:

- **Memoria** explicativa, asinada polo presidente.
- Copia do contrato do crédito xunto co cadro de amortización.**

e) No caso de restauracións:

- Memoria** explicativa.
- Orzamento** do investimento previsto
- Informe** que inclúa o **diagnóstico** sobre o estado de conservación da obra ou documento, fondo ou colección que se vai restaurar, así como a **súa necesidade de restauración** e a correspondente **proposta de intervención e o seu valor histórico**, artístico, bibliográfico ou documental. Este informe ten que estar asinado un técnico que sexa competente na materia.

Todas as solicitudes poderán ir acompañadas de **calquera outra documentación complementaria que se considere adecuada** para unha mellor valoración (planos, informes, fotografías, etc.).

Se se pide o Programa B.-Equipamentos (art. 8 c):

- **Memoria descriptiva**, asinada polo presidente, dos equipamentos que se pretenden adquirir, na que consten os motivos e/ou necesidade da adquisición e a súa finalidade que deberá constar entre as regulamentarias da sociedade.

(Acompañase un modelo para facilitar a súa redacción ó que é necesario que se adecúe a súa elaboración, que se pode ampliar no que se considere oportuno, sempre que se respecte a estrutura e o contido do que se envía).

- **Orzamento detallado** realizado por empresa provedora no que conste o custo dos equipamentos para os que se solicita a subvención.

O importe máximo do investimento **non pode ser superior a 30.000 €**. No caso de que o proxecto presentado superase ese importe, non se terá en conta o exceso.

Cando algún dos **equipamentos sexa igual ou supere os 15.000 euros** hai que achegar **tres orzamentos de diferentes provedores**, referidos a cada un deles, salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención. No suposto de que a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa de entre as ofertas presentadas, hai que achegar unha memoria que xustifique tal decisión.

Todas as solicitudes poderán ir acompañadas de calquera outra documentación complementaria que se considere adecuada para unha mellor valoración (informes, memorias, fotografías, etc.).

Importe dos orzamentos: O importe do orzamento que conste no Anexo I **será expresado sempre en EUROS**. Cando se acompañen orzamentos elaborados polas empresas do ramo que figuren en moeda distinta ó euro **aplicaráselle o cambio que estea vixente o día da publicación da convocatoria.**

Cando os **documentos** achegados ao expediente polas entidades solicitantes estean **redactados nun idioma distinto do galego ou do castelán**, **deberase presentar tradución a calquera destes idiomas.**

NESTA FASE SO HAI QUE MANDAR O ANEXO I E A DOCUMENTACIÓN DO PROGRAMA PARA O QUE SE PIDA A SUBVENCIÓN.

¡NINGUNHA OUTRA!!.

As entidades con sede social en España e aquelas outras que así o elixiran **presentarán a documentación específica obrigatoriamente por vía electrónica**. As entidades responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

As entidades domiciliadas fóra do territorio español, **que presenten a solicitude presencialmente** deberán presentar a documentación específica por esta mesma vía xunto co Anexo I. As copias de documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

TODA A DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTE TEN QUE ESTAR ASINADA POLO PRESIDENTE DA ENTIDADE, ou polo representante legal sempre que se acompañe a documentación que xustifique que ten esta representación.

LIMITES MÁXIMOS A TER EN CONTA: (art. 4)

| Concepto | Prog. A | Prog. B |
|---|--|----------------|
| Importe máximo de gasto total subvencionable | 60.000 € | 30.000 € |
| Importe máximo da subvención total a conceder en obras en instalacións propias ou cedidas cun período de vixencia de 15 anos ou superior | < 30.000 € | --- |
| Importe máximo da subvención total a conceder en obras en instalacións cedidas cun período de vixencia superior a 10 e inferior a 15 anos | De 10.000 a 26.000 € (segundo os anos que resten de vixencia) | --- |
| Importe máximo da subvención total a conceder en obras en instalacións cedidas cun período de vixencia inferior a 10 anos ou alugadas | 6.000 € | --- |
| Importe máximo da subvención total a conceder en equipamentos | --- | 15.000 € |
| 3 orzamentos de empresas distintas para proxectos igual ou superiores a | 40.000 € | 15.000 € |

Nas solicitudes que contemplan investimentos por importe total superior ós citados límites máximos, **a contía que exceda non será tida en conta** para determinar o importe da subvención a conceder.

CRITERIOS DE VALORACIÓN E PUNTUACIÓN DAS SOLICITUDES:

Importante ver os **artigos 28 e 30** da convocatoria, segundo cada programa. **(débense ter en conta ó enche-la solicitude).**

IMPORTE DA SUBVENCIÓN A CONCEDER

O importe da subvención que se lle conceda a cada entidade será o resultado de aplicarlle ó importe do custo dos proxectos ás seguintes porcentaxes:

| PROGRAMA A.- Axudas para Obras... | | |
|---|-------------------|--|
| Importe do proxecto de gasto | Puntuación obtida | % a aplicar sobre o custo do proxecto de gasto |
| < 20.000 € | <= 25 puntos | 20 % |
| | >25 < 40 | 20 % + 0.50% por cada punto superior a 25 |
| | >=40 < 60 | 20 % + 1 % por cada punto superior a 25 |
| | >=60 < 80 | 20 % + 1.10 % por cada punto superior a 25 |
| | >=80 | 80 % |
| >= 20.000 < 40.000 € | <= 30 puntos | 10 % |
| | >30 < 60 | 10 % + 1. % por cada punto superior a 30 |
| | >=60 < 80 | 10 % + 1.40 % por cada punto superior a 30 |
| | >=80 | 80 % |
| >= 40.000 € | <= 40 puntos | 10 % |
| | >40 < 55 | 10 % + 0.75 % por cada punto superior a 40 |
| | >=55 <70 | 10 % + 1.25 % por cada punto superior a 40 |
| | >=70 <80 | 10 % + 1.75 % por cada punto superior a 40 |
| | >=80 | 80 % |
| PROGRAMA B.- Axudas para Equipamentos. | | |
| < 10.000 € | <= 25 | 20 % |
| | >25 < 40 | 20 % + 0.5 % por cada punto superior a 25 |
| | >=40 < 60 | 20 % + 1 % por cada punto superior a 25 |
| | >=60 < 80 | 20 % + 1.10 % por cada punto superior a 25 |
| | >=80 | 80 % |
| >= 10.000 < 20.000 € | <=30 puntos | 10 % |
| | >30 < 60 | 10 % + 1. % por cada punto superior a 30 |
| | >=60 < 80 | 10 % + 1.4 % por cada punto superior a 30 |
| | >=80 | 80 % |
| >= 20.000 € | <=40 | 10 % |
| | >40 < 55 | 10 % + 0.5 % por cada punto superior a 40 |
| | >=55 < 70 | 10 % + 1.25 % por cada punto superior a 40 |
| | >=70 < 80 | 10 % + 1.75 % por cada punto superior a 40 |
| | >=80 | 80 % |

REQUIRIMENTOS:

Logo de revisar a documentación presentada, calquera solicitude que non estea cuberta tal como se indicou, que non veña asinada polo presidente ou que non presente a documentación sinalada correctamente **será requirida mediante publicación dun requirimento conxunto**, no taboleiro de anuncios da Secretaría Xeral da Emigración e **na páxina web galiciaaberta <http://emigracion.xunta.gal>** (en concreto, no apartado Listas a convocatorias), para que emenden o defecto que se sinala **no prazo dos 10 días seguintes** ó da citada publicación.

No caso de que non se emende neste prazo entenderase que a entidade desiste da solicitude.

Fase de reformulación

A reformulación só se fará no caso de que se lle pida pola Secretaría Xeral da Emigración. Só neste caso tería que enviar o anexo II, para o cal **nese momento daranse as instrucións que correspondan**. Está previsto que esta fase, ó igual que se fixo o ano pasado, se substitúa pola comunicación do importe do gasto mínimo que se ten que xustificar para poder cobra-r a totalidade da subvención que se lle conceda.

Para calquera dúbida ou consulta que necesite a entidade pode facela telefonicamente ó Servizo de Promoción das Entidades Galegas a través dos Tel.: 981 545833 e 981 957160, ou do correo electrónico emigracion.subvencions@xunta.gal.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2022